

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 2 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.*

O 13 de agosto publicouse no DOG nº 158 a citada Orde do 4 de agosto de 2009.

O artigo 21 da mencionada orde establece o prazo de xustificación da subvención, dispoñendo como data límite para a presentación o 30 de outubro de 2009.

Non obstante, por causas sobrevidas o prazo establecido resulta de difícil cumprimento, polo que co fin de garantir a maior eficacia posible da convocatoria das referidas subvencións, é procedente ampliar o devandito prazo para a súa xustificación.

De acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

### DISPOÑO:

Artigo único.-*Ampliación do prazo de xustificación.*

Amplíase ata o día 30 de novembro de 2009 o límite do prazo de presentación da documentación xustificativa previsto no artigo 21 da Orde do 4 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

*Orde do 2 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.*

O 6 de agosto de 2009 publicouse no DOG nº 153 a citada Orde do 28 de xullo de 2009.

O artigo 12 da mencionada orde establece o prazo de xustificación da subvención, dispoñendo como data límite para a presentación o 30 de setembro de 2009.

Non obstante, por causas sobrevidas o prazo establecido resulta de difícil cumprimento, polo que co fin de garantir a maior eficacia posible da convocatoria das referidas subvencións, é procedente ampliar o devandito prazo para a súa xustificación.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento

### DISPOÑO:

Artigo único.-*Ampliación do prazo de xustificación.*

Amplíase ata o día 30 de novembro de 2009 o límite do prazo de presentación da documentación xustificativa previsto no artigo 12 da Orde do 6 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 11 de novembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 48, do 10 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e se convocan axudas para o ano 2009.*

O día 10 de marzo (DOG nº 48) a Consellería do Medio Rural publicou a Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e se convocan axudas para o ano 2009.

No artigo 15º establécese «O pagamento das axudas realizarase con xustificación previa polo beneficiario do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas, mediante a presentación dunha declaración do cumprimento da actividade obxecto

da subvención, antes do 15 de novembro, nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Diversas dificultades de carácter organizativo e técnico, así como atrasos producidos na recepción da documentación provocaron que a fase de instrución se prolongara máis alá das datas inicialmente previstas, afectando, en consecuencia, a resolución do procedemento.

Por tal motivo, cómpre ampliar o prazo de presentación da documentación de xustificación do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas as axudas.

O artigo 49 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que: «A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou por petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados».

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Modifícase o artigo 15 das bases reguladoras da Orde do 27 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 48, do 10 de marzo), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e se convocan axudas para o ano 2009, quedando redactado como a seguir se expón:

«O pagamento das axudas realizarase con xustificación previa polo beneficiario do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas, mediante a presentación dunha declaración do cumprimento da actividade obxecto da subvención, antes do 11 de decembro de 2009 nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último

caso, se subscribiu o oportuno convenio ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común».

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se convoca concurso de traslados entre profesorado de relixión que presta servizos nos centros educativos dependentes desta consellería.*

Por Orde do 17 de xullo de 2007 regúlase a relación laboral do profesorado de relixión e dítanse instrucións relativas á provisión de postos. No artigo 6º da citada orde prescribíse que, a partir do inicio do curso académico 2009/2010, as vacantes de relixión que se produzan nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria serán ofertadas a provisión, mediante concurso de traslados anual, entre o profesorado de relixión que presta servizos no correspondente nivel educativo na Comunidade Autónoma de Galicia e que posúa o nivel de formación de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente. Así mesmo, establécese que este concurso se convocará en datas similares ás convocatorias que se realicen para a provisión de postos correspondentes aos funcionarios docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

De conformidade coa Orde do 17 de xullo de 2007 e, existindo postos vacantes nos centros docentes, que se deben prover entre profesorado de relixión dos niveis educativos que a continuación se citan, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispón convocar concurso de traslados coas seguintes bases:

Primeira.-*Obxecto.*

Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de postos vacantes entre profesorado de reli-